

ANEXO III

RÚBRICA DE AVALIACIÓN DA CARTA DE MOTIVACIÓN

Criterio de avaliación	0	0,25	0,5	0,75	1
Describe de xeito preciso, detallado e coherente o seu proxecto de mobilidade.	Non describe o seu proxecto de mobilidade.	Fai mención do seu proxecto de mobilidade, sen concretar detalles.	Fai mención do seu proxecto de mobilidade e describe brevemente e con poucos detalles as súas características.	Describe o seu proxecto de mobilidade en detalle pero con pouca diversidade de ideas.	Presenta o seu proxecto de mobilidade con gran detalle, mostrando total claridade de ideas e coñecemento do que desexa observar e aprender.
Expón con claridade, coherencia e dende un punto de vista realista os obxectivos que quere acadar coa súa mobilidade.	Non expón ningún obxectivo.	Menciona un número insuficiente de obxectivos e no aporta detalle sobre os mesmos.	Menciona un número axeitado de obxectivos, pero sen detalle nin concreción.	Menciona un número axeitado de obxectivos, con detalle e concreción, pero as ideas son pouco coherentes e realistas.	Expón un número adecuado de obxectivos, con detalle e claridade na exposición, mostrando un punto de vista realista e coherente.
Mostra un plan concreto sobre cómo introducir os coñecementos acadados na súa actividade docente e cómo estos van a ter impacto no noso centro.	Non mostra ningún plan sobre cómo introducir os coñecementos acadados na súa actividade docente.	Mostra un plan e menciona o impacto, pero sen precisar cómo introducir os coñecementos na actividade docente nin especificar o impacto destes no centro.	Mostra un plan con certo realismo e coherencia e menciona e explica en liñas xerais o impacto deste no centro.	Mostra un plan coherente e realista e explica con detalle o impacto deste no centro.	Mostra un plan moi coherente e realista con moita claridade e detalle, así como explica pormenorizadamente e con precisión o impacto deste no centro.
Explica en detalle, con visión realista e accións concretas, cómo vai difundir os resultados da mobilidade co resto da comunidade educativa.	Non explica, non presenta visión realista nin concreta das accións a realizar para a difusión dos resultados da mobilidade.	Explica sen detalles concretos, con visión subxectiva e irreal as accións para difusión dos resultados da mobilidade.	Explica cómo vai difundir os resultados da mobilidade co resto da comunidade educativa, pero con pouco detalle e concreción.	Explica cómo vai difundir os resultados con bastante detalle, pero as accións propostas son difusas e pouco realistas.	Explica con precisión de detalle, coidando as verbas e cunha visión realista, de xeito exhaustivo na concreción das accións de difusión dos resultados da mobilidade coa comunidade educativa.
Mostra coñecemento dos principios básicos do programa Erasmus+ e explica qué accións concretas vai implantar para cumprilos.	Non fai mención dos principios básicos do programa Erasmus+	Mostra coñecemento dalgun dos principios básicos do programa Erasmus+ pero non todos. Non fai mención de ningunha acción destinada a cumprilos.	Mostra coñecemento dos principios básicos do programa Erasmus+. Non fai mención de ningunha acción destinada a cumprilos.	Mostra coñecemento dos principios básicos do programa Erasmus+. Menciona algunha acción concreta para cumprilos, pero de xeito difuso e escaso.	Mostra total coñecemento dos principios básicos do programa Erasmus+ e menciona numerosas accións realistas e adecuadas para cumprilos.

Puntuación máxima total: 5